

:: POR NAVEGAR AO DESVÍO

# Os tres enterros de Rosalía de Castro

## A Igrexa quere facer caixa co Panteón de Galegos Ilustres



CARLOS  
CALLÓN  
[www.carloscallon.com](http://www.carloscallon.com)

Esta quinta feira 15 de xullo conmemórase o 125 aniversario do falecemento de Rosalía de Castro. A Asociación de Escritores en Língua Galega preparou para a xornada un acto cívico e reivindicativo. Emularase e lembrarase con tal evento o contexto ciudadán que acompañou en 1891 os restos da escritora, desde o cemiterio da Adina onde a enterraron no momento da súa morte en 1885 até o panteón lúco de San Domingos de Bonaval.

Francisco Rodríguez, na súa memorábel *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, tornece datos impresionantes sobre o tratamento que a tumba da escritora recibira en terreo eclesiástico e sobre como se produciría o traslado. Por exemplo, a través dunha rigorosa investigación hemerográfica observa que o entierro en Iria da autora de *Follas novas* foi un acto sen ningún impacto social, do que a maioría dos xornais informaron con retraso.

O seu amigo Luis Rodríguez Seoane publicou un artigo necrolóxico na *Gaceta de Galicia* Laiouse nel de que a noticia da morte de Rosalía de Castro non tivera, como mercería, "las proporciones de un acontecimiento nacional" e que "su entierro creemos que no haya sido más que la soledad que para muchos precede a la tumba".

Meses despois do sepelio, Antón Claridades, articulista da revista de instrucción primaria *El Magisterio Gallego*, visitou o cemiterio da Adina. Claridades procurou sen fortuna a sepultura de Rosalía de Castro. Ao non a achar, tivo que pedir a auxida do sacerdote, que lle indicou o lugar: "En un apartado rincón y toda cubierta de tristes yerbeñas, hállose el sitio donde se guardan los restos de la insigne cantora, gloria de Galicia, sin que una mala losa ni una carcomida cruz indiquen que aquel pedazo de tierra es el lugar donde reposa la que ha llevado una vida de tantos padecimientos y amarguras, sufridos con resignación envinable".

O xornal compostelán *El Libredón* lanzara, nada máis morrer a escritora, a proposta de lle erguer un mausoleo no cemiterio de Iria Flavia. É seis anos máis tarde cando se acomete a organización do traslado a un sepulcro en San Domingos de Bonaval. Cómprase lembrar que esta capela deixou de ser propiedade da Igrexa Católica desde a desamortización do mosteiro en 1835. A iniciativa parte da Asociación Rexionalista Galega, que se fundou nese mesmo ano, e contou co financiamento de emigrantes galegos en Cuba que deseaban realizar un evento de exaltación patriótica.

Estes actos foron recibidos con hostilidade polos poderes do momento (tanto cívicos como eclesiásticos). Ademais, áinda temos moitas

lagoas sobre o que ali aconteceu, debido a censuras que ainda non están explicadas.

O órgano de expresión da Asociación Rexionalista era *La Patria Gallega*. Na esquela desta publicación marcanse tres datas diferentes como momento do traslado: o 25, o 26 e o 27 de maio. Francisco Rodríguez chegou á conclusión de que isto se debeu a que o traslado foi o 25; o 26, as horas fúnebres e a inhumación, e o 27 sería para realizar unha homenaxe máis privada a Rosalía por parte dos Rexionalistas, enternos máis políticos. Nesta última actuación foi onde se encontraron con máis dificultades.

A *Gaceta de Galicia* fílla de problemas nos días previos, como a denegación inicial para o traslado por parte do Gobernador Civil da Coruña ou o silencio mediático sobre os actos. N'A *análise sociolóxica* da obra de Rosalía de Castro adixéronos Rodríguez dun dato que en-

rubia: "O periódico que, seguramente, mellor informou do conflito coa Igrexa Católica, a *Gaceta de Galicia*, atópase debidamente cortado ou censurado nos exemplares correspondentes aos días claves 23, sábado; 24, domingo; 25, luns; 26, martes, 28, xoves e 29, venres, polo menos na Hemeroteca da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago". Para algúns investigacións puntuais, tentei procurar eses exemplares noutrous arquivos, tanto da Galiza como da Arxentina. Non tiven ningunha fortuna nas tentativas.

Ficanos, porén, o esclarecedor exemplar de *La Voz de Galicia* do 26 de maio de 1891, que nos ofrece información esencial sobre o que aconteceu. Repárese na aberta hostilidade eclesiástica e na tentativa dos organizadores de facer unha lectura relixiosa da autora para así reducirens estes problemas. Leamos a noticia, na cal se cita a

nas graves visitaron al St. Arzobispo e le suplicaron encarecidamente que revocase la orden extrechísima de no conceder a la poetisa católica, cantora de la Virgen de la Barca, del admirable Pórtico de la Gloria, Santa Escolástica, del Cementerio de Iria, de las Campanas, etc., todos los honores de la Iglesia en un simple funeral con elogio, como se concede a todas las personas, aunque profanas, ilustres!

La Comisión expuso a S. E. que en las catedrales de Galicia se acostumbran estos elogios a todas las personas que mueren en el seno de la Iglesia y corren impresas muchas de esas oraciones. Que presidiendo el Excmo. Sr. Cardenal Payá un acto fúnebre en honor del Batallón Literario de Compostela, dijo la oración fúnebre en el Gran templo de San Martín el mismo Rector que hoy es del Seminario, St. Lavín; que en el mismo grandioso templo, lleno de bachones y cubierto hasta las altas bóvedas por inmenso catafalco con cañones y banderas profanas, predicó en honor de O'Donnell, jefe de la Unión Liberal y de un Gobierno que acababa de reconocer el reino de Italia el St. Zunzunegui. Magistrado hoy de la Rota... y en fin que en todas las Iglesias de la Diócesis hubo por Reyes, Príncipes y actos célebres, como en la Coruña el de María Pita, y aún con ideas políticas, aunque siempre dentro del catolicismo, esos elogios fúnebres.

É salientábel a intención de facer unha relectura beatífica do que significou Rosalía ("poeta católica"), para o cal se citan todos os poemas que poidan ter algúnsha relación coa cultura cristiá. No entanto, obvianse os textos máis problemáticos e pásanse por alto o fondo controvertido das composicións citadas. Por exemplo, en "Santa Escolástica" dubídase da existencia de Deus e no poema sobre a romaría da Nosa Señora da Barca critícase o afán de lucro da xerarquía católica. Mais os problemas non son só debidos á heterodoxia relixiosa, senón tamén ás súa localización política e ás dos promotores do

acto. Repárese cando se di "aún con ideas políticas".

Os rexionalistas tiveron que dulcificar algo o acto para que se puidese desenvolver. Talvez o feito de teren que pactar o evento co arcebispo fose o motivo polo que Manuel Murguía non participou na comitiva de dó. Ainda sendo boicotados pola Igrexa e as forzas dominantes da Restauración, o traslado abriu unha etapa de utilización de Rosalía como símbolo da Patria Galega.

En pleno século XXI, o Panteón de San Domingos volve ser propiedade da Igrexa. Polo que se sabe, parece que a xerarquía católica só estará disposta a reabrirlo ao público previo pagamento por parte da Xunta de Galiza. Para forzar esa negociación coa administración, decidiron fechar as portas dun día para outro. O acto do vindeiro día 15 será tamén para que finalice ese secuestro eclesiástico motivado pola cobiza.



Ilustración: ESTÉVEZ

**O entierro en Iria da autora de 'Follas novas' foi un acto sen ningún impacto social, do que a maioría dos xornais informaron con retraso**

**O acto do vindeiro día 15 será tamén para que finalice ese secuestro eclesiástico motivado pola cobiza**

*Gaceta de Galicia:*

"Doña Rosalía Castro será, sin duda, la primera dama que se entierra en esta capilla gratuitamente, contra el parecer de los administradores de la Iglesia y solo por la voluntad unánime de todo el pueblo de Galicia, que la aclama y la venera y a la cual no pudo sobreponerse nadie.

La *Gaceta de Santiago*, después de un largo suelo en el cual manifiesta la imposibilidad de que se celebren las horas fúnebres con la ostentación debida, añade:

"A la hora de cerrar nuestra edición, cuatro de la tarde, nos aseguran de que el Excmo. Sr. Arzobispo, de acuerdo con varios Capitulares cuyos nombres haremos públicos oportunamente, ha negado la licencia para predicar la oración en el acto fúnebre en honor de Rosalía Castro, encargada al Canónigo St. Portal (...)"

Dícenos nuestros correspondentes que una comisión del Comité Regionalista y otras perso-